

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE XUÑO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaioito de xuño de 2025, baixo a presidencia do Ilmo.. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretaria a concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. INTERVENCIÓN.- Acórdase a modificación da base 24 de execución do orzamento 2025. Subvencións nominativas de desenvolvemento local.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de mellora da intersección de Alfonso X o Sabio con Ronda de Fingoi e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C002-000009.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación de patrocinio publicitario dentro do programa radiofónico “Voces de Lugo”; exp rf: 2025-C005-000004.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do obradoiro artesanal de dinamización de cerámica e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C003-000025.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5111104875636360748.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-6-2025

Así mesmo, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do obradoiro artesanal de dinamización de repostería e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C003-000028.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación de servizos de colaboración coa Intervención Municipal do Concello de Lugo nas actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións e doutros traballos de colaboración incluídos nos plans anuais de control financeiro e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025-C003-000036.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do obradoiro artesanal de dinamización de encaixe de bolillos e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025-C003-000024.

Acórdase a adxudicación na contratación mediante lotes do servizo de desbroce de pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo. Exp. ref. 2025/C003/000013.

Taméns e acorda a delegación de competencias na tenente de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a contratación do servizos de xestión, atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais casas das linguas, sitas en estrada da granxa e no centro de convivencia María Balteira. Expte ref. 2025/C003/000032.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar a delegación de competenciasCconvenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación - II bioleibol Lugo, de deporte e nutrición saudable- no Concello de Lugo, ano 2025.

Tamén se acorda aproba-lo texto e proceder á sinatura do coCvenio marco de colaboración e xeral para o desenvolvemento de prácticas académicas externas entre a Universidade Intercontinental da empresa e o Concello de Lugo.

Do mesmo xeito, acórda aprobar o Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Lugo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do plan estratéxico da política agraria común (Pepac) 2023-2027.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de 3 funcionarios de carreira coa categoría de oficial de policía do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acord aprobar a de atribución temporal de funcións como cabo de bombeiros do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (Speis) a un funcionario adscrito a dito servizo.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase aprobar as altas vendedores mercado de Frigsa. Altas en postos vacantes 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a autorización, do uso en precario de local na Casa María Mariño de asociacións de interese social. (Convocatoria ano 2022).

Asinado dixitalmente pola tenenta de alcalde delegada da Área de Goberno de Cohesión Territorial e concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.